



1. O Consorcio de Santiago reúne a súa Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago celebrou este xoves 20 de marzo a súa Comisión Executiva. A xuntanza estivo presidida pola alcaldesa da cidade e presidenta do organismo interadministrativo, Goretti Sanmartín, e tivo lugar na sede do Consorcio de Santiago no Pazo de Vaamonde.

No transcurso da reunión aprobouse a liquidación do orzamento relativo ao 2024 do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela, así como se deu conta das bases reguladoras e a dotación orzamentaria por importe de 700.000€ para a convocatoria de 2025 da concesión de subvencións do programa "Ter É Manter". Este programa de subvencións está dirixido a obras de rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica de Santiago de Compostela.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/g/lovasco-consorcio-de-santiago-reune-sua-comision-executiva/>



2. José Antonio Domínguez Varela, xerente do Consorcio de Santiago, visita a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais

O xerente do Consorcio de Santiago, José Antonio Domínguez Varela, visitou as instalacións da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, ambas institucións xestionadas polo organismo interadministrativo. Nesta primeira toma de contacto estivo acompañado no Auditorio de Galicia pola directora técnica da RFG, Sabela García Fonte, e no edificio da EAEM polo seu xefe de estudos, Enrique Meyer Pleite.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



1. Peter Rundel dirixe a Real Filharmonía de Galicia nunha homenaxe a Frank Zappa

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu o 6 de marzo, no Auditorio de Galicia de Santiago, un concerto que levou o suxectivo nome de "Zappeando" e que foi dirixido polo mestre Peter Rundel. A idea por tras deste programa foi destacar a figura do compositor Frank Zappa ao dedicar a segunda parte do espectáculo á presentación de catro das súas obras: Perfect Stranger, Dupree's Paradise, Dog Breath Variations / Uncle Meat e G-Spot Tornado. Unha mestura de música clásica, jazz, rock e psicodelia que mudou o significado da contra-cultura na segunda metade do século XX.

Ademais de Zappa, na primeira parte do programa escoitouse o liberador ritmo de Four Ragtime Dances, de Charles Ives, ben como o Andante for strings, da compositora norteamericana Ruth Crawford e tamén a salvaxe e pulsional Déserts, de Edgard Varèse, quen tivo unha grande influencia na música orquestral de Frank Zappa.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/g/peter-rundel-dirixe-a-real-filharmonia-de-galicia-nun-programa-protagonizado-por-obras-de-frank-zappa/>

2. A Real Filharmonía de Galicia presenta o concerto "Grandes ideais"

O día 13 de marzo a Real Filharmonía de Galicia presentou un novo programa da súa temporada 2024-25. Baixo o título "Grandes ideais", o concerto trau no seu repertorio as obras Subito con forza, de Unsuk Chin; Larghetto de Emmanuel Chabrier; Villanelle, de Paul Dukas e a Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, op. 55 "Heroica" de Ludwig van Beethoven.

O director asturiano Pablo González estivo á fronte da orquestra xunto ao trompa solista David Fernández, músico vigués que gravou unha peza de José Arriola nun disco en colaboración coa Real Filharmonía de Galicia.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-presenta-o-concerto-grandes-ideais/>



3. A Real Filharmonía de Galicia ofrece o espectáculo "Parade, o Circo dos Valentes"

A Real Filharmonía de Galicia, en colaboración coa compañía de artes escénicas La Maquiné, ofreceu un total de cinco concertos no mes de marzo, catro deles destinados a centros educativos e o último aberto ao público familiar.

O espectáculo contou coa actuación dos actores Joaquín Casanova e Elisa Ramos e a dirección do mestre José López-Montes. O público que se achegou ao Auditorio de Galicia para gozar do concerto escoitou obras de Stravinsky, Satie e Poulenc.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-presenta-xunto-a-compania-la-maquine-o-espectaculo-parade-o-circo-dos-valentes/>



4. Estrease en España unha obra da compositora vasca Helga Arias da man da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia presentou no mes de marzo o programa "Novos Territorios" en Santiago e tamén en Ferrol. O director valenciano Josep Planells Schiaffino estivo á fronte da orquestra xunto a violista solista Sara Ferrández, unha intérprete aclamada pola crítica polo seu cálido son, naturalidade e musicalidade no escenario.

O público que se achegou ao concerto tivo a oportunidade de escoitar a estreia en España da obra I breathe every sound you leave behind, da compositora vasca Helga Arias, unha profunda reflexión sobre como a sociedade trata a sexualidade feminina e como esas dinámicas afectan non só á forma en que as mulleres expresan o amor e o desexo, senón tamén como experimentan os seus propios corpos e identidades. Esta peza é unha co-encarga da Real Filharmonía de Galicia coa Basel Sinfonietta.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/g/a-real-filharmonia-de-galicia-protagoniza-a-estrea-en-espana-dunha-obra-da-compositora-vasca-helga-arias/>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



2. Aberta a convocatoria para unha nova edición do Curso de Especialización Instrumental

A Escola de Altos Estudos Musicais abre a convocatoria para a décimo cuarta edición do Curso de Especialización Instrumental. Esta, que se desenvolverá entre outubro de 2025 e xuño de 2026, busca o perfeccionamento instrumental do alumnado.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o 18 de maio de 2025, e as probas de selección realizaranse o 24 e 25 de maio deste 2025.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/g/noticias/aberta-a-convocatoria-para-unha-nova-edicion-do-curso-de-especializacion-instrumental/>

1. A Orquestra da EAEM presenta obras de Schubert e Beethoven no seu concerto

O sábado 29 de marzo, tivo lugar un concerto público da Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais, que foi dirixida polo mestre Sebastian Zinca, o director asistente da Real Filharmonía de Galicia. No espectáculo interpretáronse a Sinfonía nº 8 en Si m, D759, "Inacabada" de Franz Schubert e a Sinfonía nº 1 en do maior Op.21 de Ludwig van Beethoven.

Máis información CAEO:
<https://eaem.es/g/noticias/a-orquestra-da-eaem-presenta-obras-de-schubert-e-beethoven-no-sou-vindeno-concerto/>



3. Continúa durante o mes de marzo a oferta de clases maxistras da EAEM

A violoncellista Suzana Stefanovic, o trompista David Fernández, a contrabaixista Jorge Muñoz e o clarinetista Nicolas Baldeyrou son os solistas de recoñecido prestixio internacional que impartiron clases maxistras durante o mes de marzo na Escola de Altos Estudos Musicais.

